

CONVOCATORIA	BOLSA DE PERSOAL ADMINISTRATIVO CON DESTINO Á ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA DE PONTEVEDRA. BOPPO nº 122 de 24 de xuño de 2024.
PRAZA/POSTO	OFICIAL/A ADMINISTRATIVO/A
TIPO	Primeiro Exercicio
DATA	10/09/2024

1. Respecto ao dereito á protección fronte aos riscos laborais:

- a. Os empresarios teñen dereito a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.
- b. O dereito de paralización da actividade en caso de risco probable non forma parte do dereito dos traballadores a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.
- c. O empresario deberá cumprir as obrigacións establecidas na normativa sobre prevención de riscos laborais.
- d. O custo das medidas relativas á seguridade e a saúde no traballo poderá recaer sobre os traballadores.

2. O artigo 97 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, dispón que as infraccións graves prescribirán:

- a. Ao tres anos.
- b. Aos dous anos.
- c. Ao ano.
- d. Aos seis meses.

3. O artigo 20 da Lei de emprego Público de Galicia clasifica aos empregados públicos en:

- a. Persoal funcionario de carreira, funcionario interino, persoal laboral fixo, persoal laboral temporal e persoal directivo.
- b. Persoal funcionario de carreira, funcionario interino, persoal laboral fixo, persoal laboral eventual.
- c. Persoal funcionario de carreira, persoal funcionario interino, persoal laboral e persoal eventual.
- d. Persoal funcionario de carreira, persoal funcionario interino, persoal laboral fixo, persoal eventual e persoal directivo.

4. Conforme ao art. 141.1 da Constitución a Provincia...

- a. Queda determinada pola agrupación de municipios.
- b. É unha entidade local carente de personalidade xurídica.
- c. Redúcese a unha mera división territorial para o cumprimento das actividades do estado.
- d. Ningunha é correcta.

- 5. Deberán utilizarse equipos de protección individual:**
- a. Cando os riscos non poidan limitarse suficientemente por medios técnicos de protección colectiva.
 - b. Cando os riscos non poidan limitarse suficientemente mediante medidas, métodos ou procedementos de organización do traballo.
 - c. Cando os riscos non se poidan evitar.
 - d. Todas son correctas.
- 6. O artigo 1 dos seus estatutos enumera os principios que rexen na Universidade de Vigo. Indique cal das respostas non corresponde a un deses principios:**
- a. Solidariedade.
 - b. Igualdade.
 - c. Pluralidade .
 - d. Eficiencia.
- 7. Cal das seguintes competencias non lle corresponde á Universidade de Vigo conforme ao artigo 3 dos seus estatutos?**
- a. Executar, aprobar e xestionar os seus orzamentos e administrar os seus bens.
 - b. Elaborar e aprobar os seus plans académicos e de investigación e de ensinos específicos de formación ao longo de toda a vida.
 - c. Defender os dereitos e intereses lexítimos do alumnado da universidade.
 - d. Fixar as condicións de admisión, o réxime de permanencia e a verificación dos coñecementos do estudiantado.
- 8. De acordo co título preliminar dos seus estatutos, a Universidade de Vigo ten que "Transmitir os valores superiores de convivencia, igualdade, o apoio permanente ás necesidades especiais das persoas e o fomento do diálogo, da paz e do respecto á diversidade".
Por tanto, trátase:**
- a. Dun fin da Universidade de Vigo.
 - b. Dun principio de actuación da Universidade de Vigo.
 - c. Dun obxectivo da Universidade de Vigo.
 - d. Dunha competencia da Universidade de Vigo.
- 9. De acordo co artigo 2.10 dos estatutos, a Universidade de Vigo ten, entre outros fins, o de fomentar o desenvolvemento sustentable, a vida saudable, a cultura, o deporte e...**
- a. A inclusión social de todas as persoas que forman a comunidade universitaria.
 - b. A loita contra o cambio climático.
 - c. A cooperación internacional.
 - d. O voluntariado.

- 10. Segundo o artigo 129 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, cal dos seguintes é o criterio prioritario na súa aplicación para determinar a que Administración Pública debe adscribirse unha fundación do sector público?:**
- Que dispoña da maioría de patróns .
 - Que teña facultades para nomear ou destituír á maioría dos membros do padroado.
 - Que ostente a maior porcentaxe de participación no fondo patrimonial.
 - Que financie en máis dun cincuenta por cento, ou no seu defecto, en maior medida a actividade desenvolvida pola fundación.
- 11. De acordo co artigo 69 dos estatutos da Universidade de Vigo, que é o Ceuvi?**
- Comité Electoral da Universidade de Vigo.
 - Consello de Estudantes da Universidade de Vigo.
 - Consello Estratéxico da Universidade de Vigo .
 - Comité de extensión universitaria e estudantes da Universidade de Vigo.
- 12. Que artigo dos estatutos da Universidade de Vigo versa sobre a "Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes"?**
- 59
 - 57
 - 54
 - 55
- 13. De que forma presta o servizo público da educación superior a Universidade de Vigo segundo os seus estatutos?**
- Mediante o servizo á sociedade.
 - Transmitindo o saber mediante unha docencia e unha investigación de calidade e de excelencia.
 - Mediante a investigación, a docencia, o estudo, a transferencia do coñecemento á sociedade e a extensión universitaria.
 - Cunha educación superior de calidade que contribúa á formación integral do seu alumnado.
- 14. Segundo o artigo 38 da LOSU as universidades públicas rexeranse por esta lei orgánica, pola lei da súa creación e polos seus Estatutos, que serán elaborados por aquelas e aprobados, previo control da súa legalidade, pola Comunidade Autónoma, así como polas normas que diten o Estado e as Comunidades Autónomas no exercicio das súas respectivas competencias no que lles sexan de aplicación, dispoñendo a Comunidade Autónoma:**
- Dun prazo de seis meses para a elaboración do informe de legalidade.
 - Dun prazo de seis meses para a elaboración do informe de viabilidade.
 - Dun prazo de catro meses para a elaboración do informe de legalidade.
 - Ningunha das respostas anteriores é correcta.

15. Segundo o artigo 42 da Lei Orgánica 2/2023, a adscrición de centros docentes a universidades públicas requirirá:

- a. A aprobación do Consello de Goberno da Universidade pública de que se trate.
- b. A aprobación da Comunidade Autónoma correspondente ao ámbito territorial na que estiveren situados os centros e a ratificación do Estado.
- c. A aprobación do Estado.
- d. A aprobación da Comunidade Autónoma correspondente ao ámbito territorial na que estiveren situados os centros.

16. Segundo o artigo 45 da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, o Claustro Universitario poderá convocar, con carácter extraordinario, eleccións a Reitor ou Reitora a iniciativa de:

- a. Dous terzos dos seus compoñentes, que inclúa, polo menos, un 30% do persoal dos corpos docentes universitarios funcionarios e Profesoras e Profesores Permanentes Laborais.
- b. Dous quintos dos seus compoñentes, que inclúa, polo menos, un 20% do persoal dos corpos docentes universitarios funcionarios e Profesoras e Profesores Permanentes Laborais.
- c. Un quinto dos seus compoñentes, que inclúa, polo menos, un 20% do persoal dos corpos docentes universitarios funcionarios e Profesoras e Profesores Permanentes Laborais.
- d. Un terzo dos seus compoñentes, que inclúa, polo menos, un 30% do persoal dos corpos docentes universitarios funcionarios e Profesoras e Profesores Permanentes Laborais.

17. Segundo o artigo 46 da LOSU ao Consello de Goberno de cada Universidade correspóndelle, entre outras, a seguinte función:

- a. Propor e aprobar as asignacións dos complementos retributivos.
- b. Informar as normas que regulen o progreso e lle permanencia do estudiantado na universidade.
- c. Valorar o rendemento das actividades académicas e propor accións de mellora.
- d. Definir e aprobar plans de captación, estabilización e promoción do persoal docente e investigador.

18. Segundo o artigo 47 da LOSU ao Consello Social correspóndelle, entre outras, a seguinte función:

- a. Elaborar protocolos e desenvolver medidas de prevención e resposta fronte á violencia, o acoso laboral ou a discriminación.
- b. Aprobar, a proposta do Consello de Goberno, o Plan Plurianual de Financiamento da universidade e realizar o seu seguimento.
- c. Aprobar os convenios de adscrición á universidade de centros de educación superior públicos e privados.
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

- 19. Segundo o artigo 56 da Lei Orgánica do Sistema Universitario, as Comunidades Autónomas en cuxo territorio se sitúen as universidades deberán elaborar programacións plurianuais que poidan conducir, en coordinación coas universidades, á aprobación de instrumentos de programación e financiamento que inclúan os obxectivos a conseguir, os recursos financeiros para iso e os mecanismos de avaliación do grao de consecución dos devanditos obxectivos. Dita programación plurianual deberá incluír os seguintes eixos de financiamento:**
- Financiamento estrutural basal.
 - Financiamento estrutural por necesidades singulares.
 - Financiamento por obxectivos.
 - Todas as anteriores son correctas.
- 20. De conformidade co artigo 36 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sinala a resposta que consideres correcta en relación cos actos administrativos:**
- Nos casos en que os órganos administrativos exerzan a súa competencia de forma verbal, a constancia escrita do acto, efectuarase e se asinará polo titular do órgano superior.
 - Cando deba ditarse unha serie de actos administrativos da mesma natureza poderán refundirse nun único acto.
 - Produciranse por escrito e sempre a través de medios electrónicos.
 - Cando se trate de resolucións non poderán ditarse de forma verbal.
- 21. De acordo co previsto no artigo 35 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito:**
- Os actos que limiten dereitos obxectivos ou intereses xerais.
 - Os actos que se separen do criterio seguido en actuacións precedentes ou do ditame de órganos consultivos.
 - Os acordos de aplicación da tramitación de emerxencia, de ampliación de prazos de procesos selectivos convocados e de realización de actuacións complementarias de actos de trámite.
 - As tres respostas anteriores son correctas.
- 22. Segundo o artigo 39 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a eficacia dun acto administrativo quedará demorada:**
- Cando non figure expresamente recollido no acto ou dependa unicamente da súa publicación ou aprobación posterior.
 - Ao momento en que o acto sexa firme en vía administrativa.
 - Ata o inicio do procedemento de execución forzosa.
 - Cando así o esixa o contido do acto ou estea supeditada á súa notificación, publicación ou aprobación superior.

23. Respecto da práctica das notificacións a través de medios electrónicos, o artigo 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sinala que:

- a. As notificacións entenderanse practicadas desde o día seguinte en que se produza o acceso ao seu contido.
- b. A notificación entenderase rexeitada cando transcorran dez días hábiles desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
- c. Os interesados poderán acceder ás notificacións desde o Punto de Acceso Xeral electrónico da Administración, que funcionará como portal de acceso.
- d. Enténdese por comparecencia na sede electrónica, a visualización do aviso de notificación por parte do interesado ou do seu representante.

24. Segundo o artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, cando os prazos figuren sinalados por días, enténdese que:

- a. Estes son hábiles, excluíndose do cómputo os domingos e os declarados festivos, salvo que unha lei, regulamento ou polo Dereito da Unión Europea sinalen que sexan días naturais, sen que sexa necesario facer constar esta circunstancia nas notificacións.
- b. Estes son naturais, excluíndose do cómputo os domingos e os declarados festivos, salvo que unha lei, regulamento ou polo Dereito da Unión Europea sinalen que sexan días hábiles, sendo necesario facer constar esta circunstancia nas notificacións.
- c. Estes son hábiles, excluíndose do cómputo os sábados, domingos e os declarados festivos, salvo que unha lei, ou polo Dereito da Unión Europea sinalen que sexan días naturais, sendo necesario facer constar esta circunstancia nas notificacións.
- d. Estes son naturais, excluíndose do cómputo os sábados, domingos e os declarados festivos, salvo que unha lei, regulamento ou polo Dereito da Unión Europea sinalen que sexan días hábiles, sen que sexa necesario facer constar esta circunstancia nas notificacións.

25. Segundo o disposto o artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a tramitación de urxencia poderase acordar:

- a. De oficio para evitar danos e perdas de imposible ou difícil reparación.
- b. De oficio ou a instancia do interesado, por razóns de urxente e inaprazable necesidade.
- c. A instancia de parte, por causas sobrevindas debidamente xustificadas
- d. De oficio ou a instancia do interesado, cando razóns de interese público aconsélleno.

- 26. Conforme ao previsto no artigo 87 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, antes de ditar resolución, o órgano competente para resolver poderá decidir, mediante acordo motivado, a realización de actuacións complementarias indispensables para resolver o procedemento, as cales deberán practicarse:**
- a. Nun prazo de dez días.
 - b. Nun prazo de sete días.
 - c. Nun prazo non superior a quince días.
 - d. Nun prazo non inferior a dez días.
- 27. De conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que efecto ten o silencio administrativo nos procedementos iniciados a solicitude do interesado?**
- a. Desestimatorio en todo caso.
 - b. Estimatorio en todo caso.
 - c. Desestimatorio nos procedementos relativos ao dereito de petición do artigo 29 da Constitución Española.
 - d. Estimatorio só nos procedementos de responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas.
- 28. Segundo o disposto o artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o recurso extraordinario de revisión cabe interpo-lo:**
- a. Contra os actos firmes en vía administrativa ante o órgano administrativo que os ditou, que será tamén o competente para a súa resolución.
 - b. Contra os actos de trámite.
 - c. Contra os actos que non sexan firmes en vía administrativa.
 - d. Contra os actos firmes en vía administrativa ante o superior xerárquico ao órgano administrativo que os ditou.
- 29. De acordo co artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, o trámite de audiencia aos interesados ten un prazo de:**
- a. Non inferior a cinco días nin superior a quince.
 - b. Non inferior a dez días nin superior a trinta.
 - c. Non inferior a dez días nin superior a quince.
 - d. Non inferior a cinco días nin superior a vinte.

30. A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no seu artigo 112 establece que se axustarán aos procedementos establecidos pola súa lexislación específica:

- a. Os procedementos de conciliación.
- b. Os procedementos de arbitraje.
- c. As reclamacións económico-administrativas.
- d. Os procedementos de mediación.

PREGUNTAS DE RESERVA

1. Segundo o estipulado no artigo 73 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os trámites que deban ser cubertos polos interesados deberán realizarse no prazo de :

- a. Dez días a partir do seguinte á notificación do correspondente acto, salvo no caso de que na norma correspondente fíxese prazo distinto.
- b. Vinte días a partir da notificación do correspondente acto, salvo no caso de que na norma correspondente fíxese prazo distinto.
- c. Vinte días a partir da notificación do correspondente acto, salvo no caso de que na norma correspondente fíxese prazo maior.
- d. Dez días a partir da notificación do correspondente acto, salvo no caso de que na norma correspondente fíxese outro prazo maior.

2. Segundo o artigo 91 da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, a selección do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos, funcionario e laboral, realizarase mediante a superación das probas selectivas de acceso, nos termos establecidos pola normativa aplicable e polos Estatutos das universidades e, en todo caso, de acordo cos principios de:

- a. Igualdade, mérito, capacidade, transparencia, publicidade e concorrencia, así como a posibilidade de recurso ante a propia universidade.
- b. Eficacia, mérito, capacidade, transparencia, publicidade e concorrencia, así como a posibilidade de recurso ante a propia universidade.
- c. Igualdade, eficiencia, mérito, capacidade, transparencia e concorrencia, así como a posibilidade de recurso ante a propia universidade.
- d. Igualdade, colaboración, capacidade, transparencia, publicidade e eficacia, así como a posibilidade de recurso ante a propia universidade.

3. Contra a resolución dun recurso de alzada:

- a. Non caberá ningún outro recurso administrativo, salvo o recurso extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 122.1 da Lei 39/2015.
- b. Cabe recurso de reposición.
- c. Non caberá en ningún caso outro recurso administrativo.
- d. Non caberá ningún outro recurso administrativo, salvo o recurso extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125.1 da Lei 39/2015.

4. Segundo o artigo 12 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición ou calquera outros que puidesen corresponderlles no contexto desta lei orgánica poderán ser exercitados polos titulares da patria potestade en nome e representación de:
- a. Os menores de 13 anos.
 - b. Os menores de 14 anos.
 - c. Os menores de 16 anos.
 - d. Os menores de 18 anos.
5. **Sinale a resposta correcta en relación co recurso extraordinario de revisión, regulado nos artigos 125 e 126 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas :**
- a. Poderá interpoñerse contra os actos que poñan fin á vía administrativa.
 - b. O órgano competente para coñecelo será o superior xerárquico do que ditou o acto recorrido.
 - c. Poderá interpoñerse no prazo de catro anos a contar dende a data en que aparezan documentos de valor esencial para a resolución do asunto.
 - d. O órgano ao que corresponde coñecer do recurso extraordinario de revisión debe pronunciarse só sobre a procedencia do recurso.

RESPOSTAS DO TEST DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE PERSOAL ADMINISTRATIVO CON DESTINO Á ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA DE PONTEVEDRA. BOPPO nº 122 de 24 de xuño de 2024.

	a	b	c	d
1			x	
2		x		
3			x	
4	x			
5				x
6				x
7			x	
8	x			
9				x
10	x			
11		x		
12			x	
13			x	
14			x	
15				x
16				x
17				x
18		x		
19				x
20		x		

	a	b	c	d
21		x		
22				x
23			x	
24			x	
25				x
26			x	
27			x	
28	x			
29			x	
30			x	

RESERVA				
	a	b	c	d
1	x			
2	x			
3				x
4		x		
5	x			